

GUÍA DOCENTE DE **CODICOLOXÍA, PALEOGRAFÍA E DIPLOMÁTICA**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO).

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: CODICOLOXÍA, PALEOGRAFÍA E DIPLOMÁTICA									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.			6						Observacións:
									4h.

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Coñecemento da problemática do tratamento e descrición dos códices. Principais soportes codicolóxicos. Coñecemento e descrición das familias paleográficas occidentais. Abreviaturas, cursus, custos e outros signos. Semiótica e semioloxía. Prácticas de lectura e transcrición.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Outras disciplinas de Métodos e Fontes para á Investigación e Introducción a Investigación
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T 2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X 1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM 2, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Ser capaz de ler textos manuscritos, en particular da Idade Media.	Todas
2. Describir as características materiais dun código e situar no tempo os diferentes tipos de escritura.	Todas
3. Familiarizarse cos problemas de edición de textos literarios e paraliterarios.	Todas

4. CONTIDOS	
1.- Codicoloxía: 1.1. Conceptos de codicografía e codicoloxía. 1.2. Historia do libro. 1.3. O código medieval: características formais e elementos de descrición. 1.4. O comercio de libros na Idade Media.	
2.- Paleografía: 2.1. Concepto, método e finalidade da paleografía. 2.2. As escrituras visigótica, carolina, gótica e humanística. 2.3. Tipos de transcrición e a súa problemática.	
3.- Diplomática: 3.1. Concepto, historia e método da diplomática. 3.2. Xénese, tipoloxía, estrutura e datación do documento. 3.3. Signos de validación e selos.	



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Exame	Presenciais	Ao final do cuatrimestre
Titorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.*